

## MINISTERIO DE FOMENTO

**1094** *ORDE FOM/36/2008, do 9 de xaneiro, pola que se desenvolve a sección segunda do capítulo IV do título V, en materia de arrendamento de vehículos con condutor, do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro. («BOE» 19, do 22-1-2008.)*

O Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, regula no seu título V, dedicado ás actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada, a de arrendamento de vehículos con condutor, á cal dedica a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo IV.

O devandito regulamento foi modificado polo Real decreto 1225/2006, do 27 de outubro, o que obriga a revisar, pola súa vez, os criterios contidos na Orde do 30 de xullo de 1998 pola que se establecía o réxime xurídico das autorizacións habilitantes para o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor, co fin de os adecuar á referida modificación regulamentaria.

Procédese, así, a aprobar unha nova orde ministerial reguladora da actividade de arrendamento de vehículos con condutor, mediante a cal se adecuan os criterios ata o de agora vixentes para o exercicio da devandita actividade tanto ao novo marco xurídico definido pola modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, como aos cambios experimentados no ámbito mercantil e social en que se desenvolve a devandita actividade.

Coa nova norma, preténdese, xa que logo, por unha parte, o establecemento de novos criterios obxectivos, para a prestación dos servizos con vehículos máis modernos e de maior calidade e, por outra, a simplificación da tramitación no outorgamento das preceptivas autorizacións, así como unha mellora da xestión empresarial.

Na súa virtude, de acordo coa autorización contida na disposición adicional décimo primeira do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, dispoño:

### Artigo 1. *Obrigatoriedade da autorización.*

Para a realización da actividade de arrendamento de vehículos con condutor será precisa a obtención, para cada vehículo que se pretenda dedicar a ela, dunha autorización que habilite para a súa prestación, de acordo co artigo 180 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro (en diante ROTT).

### Artigo 2. *Domicilio das autorizacións.*

As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor deberán estar domiciliadas no lugar en que o estea o permiso de circulación dos vehículos a que estean referidas.

### Artigo 3. *Órgano competente sobre as autorizacións.*

O outorgamento das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor será realizado polo órgano estatal ou autonómico que, directamente ou por delegación, teña atribuída a competencia para a expedición das autorizacións de transporte discrecional interurbano no lugar en que aquelas teñan que estar domiciliadas.

### Artigo 4. *Ámbito das autorizacións.*

As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor habilitarán para realizar servizos, tanto urbanos como interurbanos, en todo o territorio nacional, sempre que o vehículo fose previamente contratado de conformidade co disposto nesta orde.

### Artigo 5. *Requisitos para o outorgamento das autorizacións.*

Para o outorgamento das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, será necesario acreditar, ante o órgano competente, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ser persoa física, non podendo outorgarse autorizacións de forma conxunta a máis dunha persoa nin a comunidades de bens, ou ben persoa xurídica, debendo revestir neste caso a forma de sociedade mercantil, sociedade laboral ou cooperativa de traballo asociado.

b) Ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado non membro co cal, en virtude do disposto nos tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa exixible o citado requisito ou, noutro caso, contar coa autorización de residencia permanente, ou ben cunha autorización de residencia temporal e traballo por conta propia en vigor que non estea limitada a un sector de actividade determinado distinto do de transporte nin a un concreto ámbito xeográfico, reguladas pola Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

c) Cumprir as obrigas de carácter fiscal establecidas pola lexislación vixente.

d) Cumprir as obrigas laborais e sociais exixidas na correspondente lexislación.

e) Dispor dun local dedicado á actividade no municipio onde estean domiciliados os vehículos, que reúna os requisitos exixidos no artigo 9.

f) Dispor do número de vehículos establecido no artigo 10, dedicados á actividade de arrendamento con condutor, que reúnan as condicións relacionadas no artigo 11.

g) Acreditar a existencia do número de condutores previsto no artigo 12 que reúnan as condicións que nel se establecen.

h) Subscribir un seguro que cubra de forma ilimitada a responsabilidade civil fronte a terceiros polos danos que deriven do uso e circulación do vehículo ao cal se vaia referir a autorización.

### Artigo 6. *Acreditación da personalidade xurídica e nacionalidade da empresa.*

1. A acreditación dos requisitos exixidos nas alíneas a) e b) do artigo anterior realizarase mediante a presentación do documento nacional de identidade en vigor do titular da autorización ou, cando for estranxeiro, do documento de identificación que produza efectos equivalentes no seu país de orixe ou do pasaporte, que deberá presentarse acompañado da correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro e da autorización de residencia permanente ou de residencia temporal e traballo por conta propia e, en todos os supostos, da acreditación de estar en posesión do correspondente número de identificación fiscal.

Cando o titular da autorización for unha persoa xurídica deberá presentar o documento de constitución e a súa tarxeta de identificación fiscal e acreditar a súa inscrición no Rexistro Mercantil ou, de ser o caso, no rexistro que corresponda.

2. Non se exixirá a presentación da documentación referida neste artigo cando o órgano competente teña coñecemento do cumprimento dos aspectos a que se refire esta a través do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

#### Artigo 7. *Acreditación do cumprimento de obrigas fiscais.*

1. Para os efectos desta orde, unicamente se entenderá que o titular da autorización cumpre as súas obrigas fiscais cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Estar dado de alta no censo de empresarios, profesionais e retedores para efectos fiscais.

b) Ter presentadas as declaracións polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou de sociedades, segundo se trate dunha persoa suxeita a un ou outro imposto, así como as correspondentes declaracións por pagamentos fraccionados, á conta e retencións que, en cada caso, procedan.

c) Ter presentadas as declaracións periódicas polo imposto sobre o valor engadido, así como a declaración resumo anual.

d) Non existir débedas co Estado ou a correspondente comunidade autónoma en período executivo en relación cos tributos a que se refire este punto. Non obstante, considerarase que se cumpre este requisito cando as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordase a súa suspensión con ocasión da impugnación das correspondentes liquidacións.

As circunstancias indicadas nas alíneas b) e c) refírense a declaracións cuxo prazo regulamentario de presentación vencese nos doce meses precedentes á data en que o cumprimento do requisito teña que ser acreditado.

2. A circunstancia referida na alínea a) do punto anterior acreditarase mediante a presentación da correspondente certificación da situación censual da empresa, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou, alternativamente, copia da correspondente declaración censual de comezo ou modificación de actividade.

O resto das circunstancias mencionadas no punto anterior acreditarase mediante certificación administrativa expedida polo órgano competente para a recadación dos referidos tributos. Non obstante, o titular da autorización poderá substituír a certificación relativa ao cumprimento das circunstancias previstas nas alíneas b) e c) do punto anterior pola presentación material dos documentos acreditativos de ter realizada a correspondente alta ou declaración en relación cos referidos impostos.

A certificación a que se fai referencia no parágrafo anterior perderá o seu valor acreditativo, para os efectos perseguidos nesta orde, unha vez transcorrido o prazo de seis meses contados desde a data da súa expedición.

Naqueles supostos en que a empresa non estiver obrigada a presentar as declaracións ou documentos a que se refire o punto 1 deste artigo durante o período requirido, acreditarao mediante unha declaración responsable.

3. Non se exixirá a presentación da documentación referida no punto 2 cando o órgano competente teña coñecemento do cumprimento das obrigas fiscais da empresa a través do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

#### Artigo 8. *Acreditación do cumprimento de obrigas laborais e sociais.*

1. Para os efectos desta orde, considerarase que o titular da autorización está ao corrente no cumprimento das súas obrigas laborais e sociais cando concorran nel as seguintes circunstancias:

a) Estar inscrito na Seguridade Social e, de ser o caso, se se trata dun empresario individual, afiliado e en alta no réxime que corresponda.

b) Ter dados de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda os traballadores que presten servizo na súa empresa.

c) Ter presentados os documentos de cotización correspondentes ás cotas da Seguridade Social e, se procede, dos conceptos de recadación conxunta con estas, así como das asimiladas a aquelas con efectos recadatorios, correspondentes aos doce meses anteriores á data en que o cumprimento do requisito teña que ser acreditado.

d) Estar ao día no pagamento das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social. Para tal efecto, considerarase que a empresa está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social cando as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordase a súa suspensión con ocasión da impugnación de tales débedas.

2. As circunstancias sinaladas no punto anterior acreditaranse mediante certificación administrativa expedida polo órgano competente en materia de Seguridade Social. Esta certificación perderá o seu valor acreditativo, para os efectos desta orde, unha vez transcorrido o prazo de seis meses contados desde a data da súa expedición.

Non obstante, o titular da autorización poderá substituír a certificación relativa ao cumprimento das circunstancias previstas nas alíneas a), b) e c) do punto 1 pola presentación material dos documentos acreditativos de que se realizou a correspondente inscrición, alta ou cotización.

Naqueles supostos en que a empresa non estivese obrigada a presentar as declaracións ou documentos a que se refire o punto 1 durante o período requirido, acreditarao mediante unha declaración responsable.

3. Non se exixirá a presentación da documentación referida no punto 2 cando o órgano competente teña coñecemento do cumprimento das obrigas laborais e sociais da empresa a través do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

#### Artigo 9. *Acreditación da disposición do local.*

A empresa titular das autorizacións deberá dispor dun local no municipio onde se encontren domiciliados os vehículos, distinto ao domicilio privado do seu titular, con nome ou título rexistrado, aberto ao público logo de cumprir os requisitos legais sobre apertura de locais. Este local deberá estar dedicado en exclusiva á actividade de arrendamento de vehículos e non poderá ser compartido por varias empresas.

A disposición do local acreditarase mediante a presentación da licenza municipal de apertura ou, alternativamente, do xustificante de que se solicitou.

#### Artigo 10. *Acreditación da disposición dun número mínimo de vehículos.*

As empresas dedicadas á actividade de arrendamento con condutor deberán dispor en todo momento, ben en propiedade, leasing ou arrendamento, de dez vehículos, polo menos, dedicados á actividade que reúnan as condicións previstas no artigo seguinte.

Estes vehículos deberán ser utilizados habitualmente na prestación de servizos destinados a atender necesidades relacionadas co territorio en que se encuentre domiciliada a autorización en que se amparan.

Para tal efecto, os devanditos vehículos deberán ter a súa base de operacións no municipio en que estea domiciliada a empresa, e deberán resultar localizables neste, salvo que se xustifique que se encontran prestando un

servizo, precedendo contratación, consonte o disposto no artigo 23.

A disposición efectiva dos vehículos exixidos neste artigo acreditarase mediante a presentación dos correspondentes permisos de circulación expedidos a nome do titular da autorización, xunto coas tarxetas de inspección técnica periódica deles.

#### Artigo 11. *Condicións e características dos vehículos.*

1. Os vehículos a que deban estar referidas as autorizacións de arrendamento con condutor non terán unha capacidade superior a 9 prazas, incluída a do condutor, e deberán reunir, sen prexuízo de calquera outra que supoña unha mellora das súas condicións, as seguintes características:

a) Motor cunha potencia fiscal igual ou superior a 14 cabalos de vapor fiscais (CVF) para vehículos de ata 5 prazas, incluído o condutor, ben que ata unha terceira parte da frota da empresa poderá estar constituída por vehículos cunha potencia fiscal inferior, sempre que superen, polo menos, os 12 CVF. Cando se trate de vehículos de máis de 5 prazas, deberán ter unha potencia fiscal igual ou superior a 18 CVF, que se poderá reducir a 16 CVF cando o vehículo teña unha lonxitude superior a 5 metros.

b) Lonxitude mínima exterior, medida de extremo a extremo do vehículo, igual ou superior a 4,70 metros.

2. Os vehículos non poderán continuar dedicados á actividade de arrendamento con condutor a partir de que alcancen unha antigüidade superior a oito anos, contados desde a súa primeira matriculación. Non obstante, non existirá ningunha limitación, en canto á antigüidade do vehículo, cando este teña unha potencia fiscal igual ou superior a 28 CVF.

#### Artigo 12. *Condutores dos vehículos.*

As empresas dedicadas á actividade de arrendamento de vehículos con condutor deberán dispor, en todo momento, dun mínimo de dous condutores por cada tres autorizacións que posúan. Será preciso un condutor adicional cando a división do número de autorizacións entre tres dea un resto superior a un.

Estes condutores deberá estar en posesión do permiso de condución da clase BTP, e deberán estar contratados a xornada completa e afiliados como tales e en réxime de alta na Seguridade Social.

Non obstante, poderanse computar como condutores o titular da autorización e os seus familiares en primeiro grao ou, cando o titular da autorización sexa unha persoa xurídica, a persoa que teña a propiedade de, polo menos, o 20 por cento do seu capital social, sempre que nun e noutro caso dispoñan do citado permiso de condución e se xustifique que tales persoas son condutores dos vehículos.

A disposición do número mínimo de condutores exixido neste artigo deberá quedar acreditada consonte o disposto no artigo 8.

#### Artigo 13. *Solicitudade das autorizacións.*

1. Para iniciar a tramitación do procedemento tendente á obtención das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, que deban domiciliarse nun municipio en que a empresa solicitante non tiver xa domiciliadas outras autorizacións en vigor, será necesario presentar ante o órgano competente o correspondente impreso oficial normalizado de solicitudade, ao cal se lle deberá xuntar o orixinal ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos nas alíneas a) e b) do artigo 5.

2. Cando a empresa solicitante de novas autorizacións xa sexa titular doutras en vigor domiciliadas no mesmo municipio en que o deban de estar aquelas, bastará coa presentación do correspondente impreso oficial da solicitudade.

#### Artigo 14. *Outorgamento das autorizacións.*

1. O órgano competente poderá denegar a autorización solicitada se existe unha desproporción manifesta entre o número de autorizacións desta clase outorgadas na zona en que estea situado o municipio e os potenciais usuarios do servizo.

En todo caso, entenderase que é manifesta a referida desproporción e que, en consecuencia, procede denegar a autorización, cando a relación entre o número de autorizacións desta clase domiciliadas na comunidade autónoma de que se trate e o de autorizacións de transporte discrecional interurbano de viaxeiros en vehículos de turismo domiciliadas nela sexa superior a unha daquelas por cada trinta destas.

Non obstante, mesmo non concorrendo a circunstancia prevista no parágrafo anterior, cando o órgano competente para o outorgamento das autorizacións entenda que existen desaxustes entre a oferta e a demanda dos servizos de arrendamento de vehículos con condutor nunha determinada zona, o órgano competente da comunidade autónoma poderá elaborar e aprobar un plan ou programación de transporte en que se establezan limitacións ao outorgamento de autorizacións ou criterios relativos á prestación da actividade, así como da súa distribución territorial. Cando exista o devandito plan ou programación, a decisión administrativa sobre autorizacións que deban domiciliarse no territorio afectado terá carácter regrado, e poderá revestir carácter negativo unicamente cando se incumpra algún dos requisitos previstos no artigo 5 ou cando así deba resultar dos criterios previstos no plan.

2. Cando, aínda que non concorran as circunstancias previstas no punto anterior, o órgano competente tiver dúbidas acerca da conveniencia de outorgar unha autorización nun determinado municipio, poderá solicitar informe da entidade local correspondente, e en tal suposto deberá proceder consonte o disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 181 do ROTT.

3. Cando non se aprecie a existencia das circunstancias previstas nos puntos anteriores, o órgano competente notificarallo ao solicitante, indicándolle que dispón de tres meses, contados desde a data de notificación, para acreditar o cumprimento dos requisitos previstos nas alíneas c), d), e), f), g) e h) do artigo 5, coa advertencia de que, de non facelo así, o expediente será arquivado sen máis trámites.

O devandito prazo de tres meses poderá, excepcionalmente, ser ampliado, como máximo, ata outros tres máis, cando, antes de se cumprir aquel, o interesado así o solicite, xustificando suficientemente a imposibilidade de dispor do vehículo a que a autorización deba referirse dentro do prazo inicial.

4. Unha vez examinada a documentación presentada e constatado que se cumpren as condicións exixidas, o órgano competente procederá ao outorgamento da autorización, que se documentará consonte o previsto no artigo seguinte.

#### Artigo 15. *Documentación das autorizacións.*

As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor outorgadas conforme o previsto no artigo anterior documentaranse mediante a expedición das correspondentes tarxetas da clase VTC, nas cales se especificará a súa titularidade, o domicilio, o vehículo a que estean

referidas e as demais circunstancias da actividade que determine a Dirección Xeral de Transportes por Estrada.

#### Artigo 16. *Visado das autorizacións.*

1. A validez das autorizacións outorgadas consonte o previsto nesta orde quedará condicionada á constatación periódica do mantemento das condicións que orixinariamente xustificaron o outorgamento daquelas e que constitúen requisitos para a súa validez, e dos que, aínda non sendo exixidos orixinariamente, resulten, así mesmo, de obrigado cumprimento.

Esta constatación será levada a cabo con periodicidade bienal polo órgano administrativo que realizase o outorgamento das autorizacións, segundo o previsto neste artigo.

2. Para a realización do visado das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor de que sexa titular a empresa, será necesario acreditar o mantemento dos seguintes requisitos:

a) De forma unitaria en relación co conxunto de autorizacións, os sinalados nas alíneas c), d), e) e g) do artigo 5.

b) En relación con cada unha das autorizacións, os sinalados nas alíneas f) e h) do artigo 5, xunto cunha fotocopia da tarxeta en que a autorización estea documentada.

Non obstante, o órgano competente poderá igualmente exixir, cando así o coide conveniente, a acreditación do mantemento de calquera outro dos requisitos expresados no artigo 5, xa sexa en relación con todas ou con algunha das autorizacións de que a empresa sexa titular.

3. Transcorrido o prazo de visado sen que se procedese á solicitude deste ou a achegar a totalidade da documentación a que fai referencia a alínea a) do punto anterior, consideraranse caducadas, sen necesidade de revogación expresa por parte da Administración, todas as autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor de que fose titular a empresa.

Cando só se deixase de achegar a documentación prevista na alínea b) en relación cunha determinada autorización, a caducidade alcanzará unicamente a esta, a non ser que se comprobe que o número de vehículos dedicados á actividade é inferior ao mínimo exixido, caso en que a caducidade alcanzará a totalidade das autorizacións da empresa.

En todo caso, o pagamento das sancións pecuniarias impostas por resolución definitiva en vía administrativa por infraccións da lexislación de transportes, será requisito necesario para que proceda o visado das autorizacións en relación coas cales cometesen os seus titulares as correspondentes infraccións.

4. Unha vez realizado o visado de cada autorización, o órgano competente procederá a documentala nunha nova tarxeta nos termos previstos no artigo 15.

#### Artigo 17. *Rehabilitación de autorizacións caducadas por falta de visado.*

As autorizacións caducadas por falta de visado poderán ser rehabilitadas polo órgano competente para a súa expedición, cando así se solicite no prazo dun ano, contado a partir do vencemento do prazo establecido para a realización do visado e se achegue idéntica documentación á exixida para este.

En todo caso, o pagamento das sancións pecuniarias impostas por resolución que poña fin á vía administrativa por infraccións á lexislación de transporte será requisito necesario para que proceda a rehabilitación das autorizacións en relación coas cales cometesen os seus titulares as correspondentes infraccións.

#### Artigo 18. *Prazos para a realización dos visados.*

A realización dos visados previstos nos artigos anteriores levarase a cabo de acordo cos prazos e co calendario que para o efecto determine a Dirección Xeral de Transportes por Estrada ou, de conformidade co previsto por esta, polas comunidades autónomas que por delegación do Estado deban realizalos.

#### Artigo 19. *Comprobación das condicións da autorización.*

A realización do visado periódico previsto nos artigos anteriores non será obstáculo para que a Administración poida, en todo momento, comprobar o cumprimento adecuado dos requisitos establecidos no artigo 5, reclamando da empresa titular das autorizacións a documentación acreditativa que coide pertinente.

#### Artigo 20. *Transmisión das autorizacións.*

1. As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor poderanse transmitir a outros titulares, sempre que a Administración así o posibilite, realizando a novación subxectiva destas a favor dos seus adquirentes. Esta novación estará condicionada a que o adquirente cumpra a totalidade dos requisitos previstos nesta orde para o orixinario outorgamento das autorizacións ou ben sexa previamente titular de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas na mesma comunidade autónoma.

As autorizacións transmitidas deberán continuar referidas aos mesmos vehículos sobre os cales o adquirente deberá ter adquirido, pola súa vez, algunha das formas de disposición establecidas no artigo 10; ou ben ser simultaneamente referidas a vehículos distintos achegados polo novo titular, sempre que cumpran os requisitos previstos nesta orde.

A transmisión das autorizacións non poderá supor o cambio de residencia destas, cando o adquirente non fose previamente titular doutras autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas na mesma comunidade autónoma.

A novación subxectiva das autorizacións dará lugar á substitución das tarxetas en que estas estiveren documentadas por outras cuxas especificacións se adecuen á novación autorizada.

2. O órgano competente non autorizará a transmisión dunha autorización de arrendamento de vehículos con condutor cando teña coñecemento oficial de que se procedeu ao seu embargo por órgano xudicial ou administrativo competente para iso.

3. O pagamento de todas as sancións pecuniarias impostas ao cedente mediante resolución que poña fin á vía administrativa por infraccións da lexislación de transportes será requisito necesario para que proceda a transmisión das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.

#### Artigo 21. *Réxime especial de transmisión de autorizacións aos herdeiros forzosos.*

Non obstante o previsto no artigo anterior, cando se produza o falecemento, xubilación ou incapacidade do titular das autorizacións, poderase realizar, aínda que non se cumpra o requisito exixido na alínea a) do artigo 5, a novación subxectiva delas a favor dos seus herdeiros forzosos, de forma conxunta e por un prazo máximo de dous anos. Transcorrido o dito prazo, ou antes, de se producir a adxudicación hereditaria, deberase cumprir o devandito requisito; en caso contrario procederase á revogación das autorizacións.

#### Artigo 22. *Substitución de vehículos afectos ás autorizacións.*

Os vehículos a que estean referidas as autorizacións de arrendamento con condutor poderán ser substituídos por outros máis modernos cando así o autorice o órgano competente mediante a referencia da correspondente autorización ao novo vehículo.

Esta substitución quedará subordinada a que o vehículo substituído cumpra os requisitos previstos nesta orde.

A substitución do vehículo a que estiveren referidas as autorizacións dará lugar ao cambio das correspondentes tarxetas por outras cuxas especificacións se adecuen á substitución autorizada.

O pagamento de todas as sancións pecuniarias impostas ao seu titular mediante resolución que poña fin á vía administrativa por infraccións da lexislación de transportes, será requisito necesario para que proceda a substitución do vehículo afecto a unha autorización de arrendamento de vehículos con condutor.

#### Artigo 23. *Condicións do arrendamento de vehículos con condutor.*

O arrendamento dos vehículos con condutor deberase contratar previamente á realización do servizo nas oficinas ou locais da empresa arrendadora situados no municipio en que estea domiciliada a correspondente autorización; deberase levar a bordo do vehículo a folla de ruta regulada no artigo seguinte.

O arrendamento deberá estar referido, en todo caso, á capacidade total do vehículo que se vaia utilizar, sen que caiba alugar as súas prazas de forma separada a distintos arrendatarios.

En ningún caso poderán os vehículos amparados en autorizacións de arrendamento con condutor agardar ou circular polas vías públicas en busca de clientes, nin realizar a recollida dos que non contratasen previamente o servizo.

Os vehículos adscritos ás autorizacións de arrendamento con condutor non poderán abandonar o lugar en que habitualmente se encontren gardados ou estacionados sen levar a bordo a folla de ruta regulada no artigo 24 debidamente cuberta, salvo que se acredite que o seu desprazamento ten como causa a realización de operacións de revisión, reparación ou mantemento do propio vehículo.

#### Artigo 24. *Folla de ruta.*

Para os efectos de control administrativo, a empresa titular de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor deberá cubrir unha folla de ruta por cada servizo, que deberá conservarse durante o prazo dun ano, contado a partir da data de sinatura do contrato, á disposición dos servizos de inspección do transporte terrestre.

En cada folla de ruta farase constar o nome e o número de documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal do arrendador e do arrendatario; o lugar e data de sinatura do contrato; o lugar, data e hora en que se vai iniciar o servizo e o lugar e data en que teña que concluír; a matrícula do vehículo; así como o resto das circunstancias que estableza, de ser o caso, a Administración ou que libremente pacten as partes.

#### Artigo 25. *Prezo do arrendamento.*

Os prezos da actividade de arrendamento de vehículos con condutor non estarán suxeitos a tarifa administrativa, ben que as correspondentes empresas deberán ter á disposición do público folletos ou listas impresas en que se indiquen os que apliquen nos locais en que realicen o arrendamento.

#### Artigo 26. *Publicidade e distintivos nos vehículos.*

Os vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor non poderán levar ningunha publicidade, nin signos externos identificativos, salvo a placa relativa á súa condición de vehículo de servizo público.

#### Disposición adicional primeira. *Supostos de non aplicabilidade.*

Non será de aplicación o disposto nesta orde aos supostos legalmente previstos de colaboración entre transportistas, que se rexerán polo especificamente establecido para eles.

#### Disposición adicional segunda. *Especialidades das comunidades autónomas.*

Conforme o que se establece no artigo 14 da Lei orgánica 5/1987, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable, aquelas comunidades que teñan competencias en materia de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor de acordo co que na devandita lei orgánica se establece, poderán modificar a relación sinalada no artigo 14.1 con base na cal se induce a desproporción entre a oferta e a demanda desta clase de arrendamento no seu territorio.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderán elevar nos seus respectivos territorios o número mínimo de vehículos establecido no artigo 10.

#### Disposición adicional terceira. *Illes Balears e Canarias, normas de desenvolvemento.*

As comunidades autónomas das Illes Balears e de Canarias poderán ditar normas en desenvolvemento ou execución da Lei de ordenación dos transportes terrestres e o seu regulamento en materia de arrendamento de vehículos con condutor, en execución do disposto no artigo 14.1 da Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo. Consideráranse de aplicación supletoria, en relación coas devanditas normas de desenvolvemento ou execución, as disposicións contidas nesta orde.

#### Disposición transitoria primeira. *Non exixibilidade de frota mínima.*

As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor obtidas por troco das antigas licenzas municipais da clase C, consonte o previsto no parágrafo segundo da disposición transitoria segunda do ROTT, rexeranse polo disposto nesta orde, ben que, mentres continúen baixo a mesma titularidade, non lles será exixible o número mínimo de vehículos previstos no artigo 10.

Os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor actualmente vixentes que non estean incluídas no suposto previsto no parágrafo anterior, poderán continuar o exercicio da súa actividade cumprindo o requisito relativo ao número mínimo de vehículos segundo o que se dispuña na Orde do ministro de Obras Públicas e Transportes do 14 de xuño de 1993, cando as ditas autorizacións se outorgasen con anterioridade ao 1 de setembro de 1998, e ao que se dispoñía na Orde do 30 de xullo de 1998, cando se outorgasen con posterioridade.

En todo caso, tales autorizacións poderán ser transmitidas sen que se teña en conta o requisito relativo ao número mínimo de vehículos cando o adquirente xa fose titular doutras autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas na mesma comunidade autónoma ou se trate dun herdeiro forzoso do cedente nos supostos previstos no artigo 21.

**Disposición transitoria segunda. *Características dos vehículos.***

As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor actualmente vixentes poderán continuar referidas aos vehículos a que o estean no momento da entrada en vigor desta orde ata que estes superen a antigüidade de oito anos, sempre que continúen pertencendo ao mesmo titular. Tales vehículos só poderán ser substituídos por outros que cumpran a totalidade das características que lles correspondan consonte o disposto no artigo 11.

Cando o seu titular pretenda transmitir algunha autorización de arrendamento de vehículos con condutor actualmente vixente, o adquirente deberaa adscribir, en todo caso, a un vehículo que cumpra os requisitos sinalados no artigo 11, salvo que se trate do suposto de transmisión previsto no artigo 21.

**Disposición derogatoria. *Derrogacións.***

Queda derogada a Orde do 30 de xullo de 1998 pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de arrendamento de vehículos con condutor, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

**Disposición derradeira primeira. *Medidas de execución.***

A Dirección Xeral de Transportes por Estrada adoptará as medidas necesarias para o cumprimento desta orde e as regras de coordinación que resulten necesarias para a súa aplicación, de conformidade co disposto no artigo 16.2 da Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de xaneiro de 2008.—A ministra de Fomento, Magdalena Álvarez Arza.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**1095** *ORDE TAS/37/2008, do 16 de xaneiro, pola que se modifica a Orde TAS/2307/2007, do 27 de xullo, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal. («BOE» 19, do 22-1-2008.)*

A disposición transitoria terceira prevista na Orde TAS/2307/2007, do 27 de xullo, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema

telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal, establece un prazo para que as empresas que exercen o dereito á bonificación prevista na orde cumprisen coa obriga de comunicar o inicio daquelas accións formativas, incluídos os permisos individuais de formación, que se realizasen con anterioridade á entrada en vigor da dita orde.

Porén, a aplicación da disposición transitoria terceira citada xerou dificultades ás empresas para poder cumprir coa dita obriga, ao se acumular nun breve espazo temporal o acceso por numerosas empresas ao sistema telemático previsto na orde para realizar tanto as comunicacións de inicio daquelas accións formativas realizadas polas empresas antes da entrada en vigor do real decreto como as de inicio que se realicen con posterioridade á dita entrada en vigor.

Así, tales circunstancias aconsellan a modificación da dita disposición co fin de facilitarlles ás empresas o cumprimento das obrigas anteditas e por iso se considerou oportuno ampliar o prazo previsto na dita disposición facéndoo coincidir co máximo establecido para que as empresas poidan exercer o seu dereito á bonificación prevista nesta orde.

Tendo en conta o previsto no artigo 23.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, en cuxa virtude ningún regulamento poderá vulnerar preceptos doutro de xerarquía anterior, así como o establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, que habilita o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto no dito real decreto, resulta procedente que a ampliación de prazo anteriormente exposta se realice mediante una orde ministerial pola que se modificará o contido doutra anterior.

Polo exposto, consultadas as organizacións empresariais e sindicais presentes na Comisión Tripartita de Formación Continua, dispoño:

**Artigo único.**

Modificación da Orde TAS/2307/2007, do 27 de xullo, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal.

O primeiro parágrafo da disposición transitoria terceira da Orde TAS/2307/2007, do 27 de xullo, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal, queda redactado nos seguintes termos:

«Poderanse bonificar conforme esta orde as accións formativas, incluídos os permisos individuais de formación, iniciadas con anterioridade á data da súa entrada en vigor, sempre que se comunique o seu inicio e finalización con anterioridade a que finalice o prazo de presentación do boletín de cotización á Seguridade Social en que as empresas se apliquen as bonificacións e, en todo caso, antes do 1 de febreiro de 2008.»